



## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN PARA GARANTIR UN SERVIZO DE CONCILIACIÓN ÁS FAMILIAS**

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para garantir un servizo de conciliación ás familias.

### **Exposición de motivos**

En Ferrol a maioría do tempo dedicado ao traballo de coidados recae nas familias, principalmente nas mulleres, e de maneira non remunerada.

Abundantes estudos sobre horarios e os usos do tempo revelan que nas actividades de coidado, así como nas actividades domésticas, é onde se produce a maior fenda de xénero. O tempo medio dedicado ao fogar e coidado das familias é superior no caso das mulleres, que ocupan unha media diaria de 4 horas e 7 minutos fronte a 1 hora e 54 minutos que empregan os homes.

Coa irrupción da pandemia do Coronavirus, a declaración do estado de alarma e a necesidade do confinamento das persoas, a situación de desigualdade en relación aos coidados e á conciliación da vida laboral e familiar non fixo máis que empeorar. Se o traballo no mercado laboral e os coidados xa foron sempre actividades en conflito para compatibilizalas, agora en moitos casos están sendo case imposibles de conciliar, posto

que están sendo simultáneas e desenvolvidas nos fogares ao longo de todo o día. A suspensión presencial da educación e a adaptación ao teletraballo nas familias con crianzas supón un desafío inmenso e, en moitos casos, unha dificultade material para poder coidar ao tempo que se leva adiante a xornada laboral por vía telemática.

Os coidados son un pilar fundamental da sociedade. É imprescindible recoñecer os traballos de coidado pois supoñen un vector de desenvolvemento económico e democrático. A sobrecarga de traballo de coidados ten un impacto negativo na saúde física e mental, e no benestar e a traxectoria vital das persoas coidadoras. A incerteza sobre como se vai desenvolver a actividade educativa e de lecer da crianzas, así como a vida laboral das persoas, provocan unha gran presión sobre as familias e particularmente sobre as mulleres.

O mundo produtivo e económico comeza o desescalamento e tómanse medidas para a reactivación económica pero, pola contra, o mundo da vida, aquel que sostén precisamente o mundo da economía, continúa a ser non visibilizado, sen medidas nin políticas públicas específicas que acheguen solucións ás necesidades de conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

Neste contexto, son necesarias e urxentes políticas de conciliación reais e efectivas e que o reparto de tarefas sexan responsabilidade da Administración local, Deputación, Xunta de Galicia, empresas e familias, e que non supoña a creación de novas desigualdades.

Os coidados son un ben común que temos que garantir e axudar a organizar tamén dende a administración máis próxima a cidadanía: a local, o concello.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal de Ferrol en Común presenta á consideración do Pleno Municipal do Concello de Ferrol unha serie de medidas urxentes en materia de conciliación e garante dos coidados recollidas no seguinte

ACORDO:

1. Instar ao órgano correspondente do goberno do Concello de Ferrol a:
  - a. Abrir os Centros Socioculturais Municipais cunha programación completa de actividades de conciliación lúdico - infantís para crianzas entre 6 e 12 anos, en grupos reducidos que permitan asegurar o mantemento da distancia física e a saúde pública.
  - b. Habilitar os pavillóns e instalacións deportivas cunha programación completa de actividades de conciliación deportivas para nenas e nenos entre 6 e 12 anos, en grupos reducidos que permitan asegurar o mantemento da distancia física.
  - c. Acondicionar e poñer en funcionamento os locais sociais veciñais do rural para a realización dunha programación de actividades de conciliación lúdico - infantís para nenas e nenos entre 6 e 12 anos, en grupos reducidos que permitan asegurar o mantemento da distancia física e a saúde pública.
  - d. Elaborar o Plan de coidado e conciliación Ferrol, cidade coidadora que incida no recoñecemento e socialización da responsabilidade do coidado coas medidas e recursos necesarios.

Instar á Xunta de Galicia a:

- e. Constituír con urxencia unha Mesa de diálogo cos concellos da mancomunidade e da bisbarra para dotar de orzamento e poder acondicionar os espazos para que todas as nenas e nenos poidan ir á escola en setembro.
- f. Elaborar un Plan de choque para garantir a conciliación e os coidados das familias, plan que promova a responsabilidade da administración xunto coas empresas por medio da súa Responsabilidade Social Corporativa.
- g. Abrir durante o verán os centros educativos de Infantil, Primaria e ESO con actividades lúdico - deportivas ao aire libre e que axuden á conciliación e reparto de coidados das familias.

Ferrol, 25 de maio de 2020



Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común